


Tódolos materiais da biblioteca están catalogados cun programa informático. Este permítenos etiquetalos para facilitar a súa organización na sala, ademais de rexistrar o préstamo.

● IDENTIFICACIÓN DOS FONDOS

Tódolos documentos catalogados levan unha pequena **etiqueta** na parte inferior do seu lombo onde aparece estes datos:



Esta etiqueta aparece no libro titulado "Sopa de rato" de Arnold Lobel.



Ademais os libros de literatura levan unha **pegatina de cores** na parte superior do lombo para sinalar o nivel lector.

VERDE	LECTORES. EXPERTOS
VERMELLO	LECTORES AUTÓNOMOS
AMARELO	PRIMEIROS LECTORES

● CLASIFICACIÓN DOS FONDOS

Tódolos documentos clasifícanse polas materias das que tratan (**CDU**). A cada materia correspóndelle un díxito do 0 ao 9 que podes ver nesta roseta colocada na parede da nosa biblio.



Os libros informativos levan na parte superior do lombo a pegatina correspondente ao tema do que trata (que aparecen dentro da roseta)

● ORDENACIÓN E COLOCACIÓN

Nas estanterías sobre as que figura o cartel **LITERATURA** están todos os libros deste tipo colocados por orde alfabética segundo os niveis lectores. Hai varias seccións dependendo dos xéneros: narrativa (galego e castelán.), poesía, teatro, cómic, contos, inglés,..; e algunhas temáticas (medo, outros pobos,...)

Nas estanterías co cartel **COÑECEMENTOS** están os libros informativos agrupados segundo as materias da CDU.

Na estanterías co cartel **CONSULTA** atópanse dicionarios, atlas, enciclopedias,...

Na zona de infantil hai caixóns onde están os libros para eles identificados cunha figura de distintas cores que coincide co caixón ao que pertence para orientalos na colocación.

PUBLICITAR O QUE ACONTECE NA BIBLIO!!

Mediante os **taboleiros e expositores** fanse chegar ao lectorado as novidades, libros de interese e traballos realizados polo alumnado.

Tamén na **páxina web** publicamos. Nela ademais poderás consultar o catálogo e comprobar se temos o libro que queres ou opinar sobre algún que teñas lido. Consúltala.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdaramallosa/>



**GUÍA RÁPIDA
PARA
USUARI@S
DESPISTAD@S**

**A QUE MOLA A NOSA BILBLIO !!
PERO, SABES UTILIZALA ?
SE NON É ASÍ, LE ESTA PEQUENA
GUÍA SEN TARDAR, APRENDERÁS
MOITO SOBRE ELA E SOBRE
CALQUERA OUTRA QUE VISITES.**

**O NOSO CORPO
NECESITA COMER,
A NOSA IMAXINACIÓN
NECESITA LER.**